

RELATORES:

María González Álvarez

Doutorada en Psicoloxía Clínica, Legal e Forense pola Universidade Complutense de Madrid. Licenciada en Psicoloxía, Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria e en Psicoloxía Clínica e da Saúde. Responsable desde 2007 do Programa de Adolescentes Agresivos centrado en violencia filio-parental da Universidade Complutense de Madrid. Autora de diversos artigos de investigación e libros divulgativos destacando o Manual Educativo-Terapéutico para a abordaxe da violencia ascendente publicado en coordinación ca Axencia para a Reeduación e Reinserción do Menor Infractor da Comunidade de Madrid. Docente e supervisora de casos na UCM, ARMMI, Ministerio de Xustiza, diversos Colexios Oficiais de Psicólogos e organismos públicos de distintas Comunidades Autónomas.

Juan Luis Basanta Dopico

Doutor pola Universidade de Vigo. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación. Estudos en Psicoloxía Clínica. Educador e director de centros de Reforma e Protección de menores. Psicólogo dos Servizos de Protección de Menores. Na actualidade, psicólogo do Xulgado e Fiscalía de menores. Foi profesor da Universidade de Vigo. Investigador Grupo PS1 da Universidade de Vigo. Liñas de investigación: Psicopatía, prácticas parentais, reincidencia. Diplomado en Terapia Familiar pola Universidade de Santiago de Compostela e Diplomado en Educación Social polo Ministerio de Xustiza.

OBRADOIRO: PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN EN VIOLENCIA FILIO - PARENTAL

Nome:

Tfno.:

Enderezo:

Cidade e C.P.:

Profesión:

E-mail:

Centro de traballo:

Data:

Nº de colexiado/a:

¿É socio/a da Sección de Psicoloxía Xurídica? Si Non

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA A ABANCA,
IBAN: ES64 2080 0316 2330 4000 8164

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de "Actividades e servizos para os/as colexiados/as" no que se inclúiran os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos afíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio. No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a copgalicia@copgalicia.gal

ESPAAO CEDIDO GRATUITAMENTE POLO CONCELLO DE VIGO COA COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CONCELLO
DE VIGO



Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Boletín de inscrición



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

OBRADOIRO: PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN EN VIOLENCIA FILIO - PARENTAL

Relatores:

María González Álvarez
Juan Luis Basanta Dopico

Organiza:

Sección de Psicoloxía Xurídica do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Coordinador:

Ricardo Fandiño Pascual

DURACIÓN:

10 horas.

DATA:

Sábado, 18 de febreiro de 2017.

LUGAR:

Centro Municipal de Teis
(R/ Camino Maceiras s/n. 36207 Vigo).

PRAZAS:

30.

HORARIO:

De 10:00 a 15:00 horas e de 17:00 a 22:00 horas.

PREZOS:

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica; colexiadas e colexiados demandantes de emprego; estudantes do derradeiro curso de Psicoloxía; e Máster de Psicoloxía:	20 €
Psicólogos/as colexiados/as:	40 €
Psicólogos/as non colexiados/as:	80 €

INSCRICIÓN:

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o obradoiro entregárase o correspondente certi-

ficado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e **a tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar **copia da matrícula**. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o **título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía**.

Último día de inscrición: **8 de febreiro de 2017**.

PROGRAMA:

1. Conceptualización da violencia filio-parental. Análise histórica e principais orientacións.
2. Estudo da lexislación española.
3. O/a psicólogo/a forense no Equipo Técnico de Xulgados e Fiscalías de Menores.
4. O diagnóstico da violencia filio-parental.
5. Caracterización dos actores implicados na violencia filio-parental.
6. A exploración forense. Avaliación previa á intervención.
7. Instrumentos básicos de predición de reincidencia.
8. Elaboración do Informe do Equipo Técnico.
9. Casos especiais: violencia filio-parental en contextos clínico forenses.
10. Análise, exposición e defensa de casos ante a Sala do Tribunal.
11. Abordaxe clínico-forense da violencia filio-parental.
12. Intervención cos e as menores.
 - a) Intervención cos pais.
 - b) Intervención en familia.
 - c) Dificultades frecuentes na intervención con cada un dos axentes implicados.

OBXECTIVOS:

A Violencia Filio-Parental (VFP) é o exercicio da violencia física, verbal ou financeira de menores cara os seus pais. Esta violencia é realizada de maneira sostida no tempo e co ánimo de exercer un control e poder sobre eles. Na actualidade, esta problemática está sendo obxecto de investigación nos países do noso entorno debido á preocupación polo aumento na súa prevalencia. De feito, os delitos por maltrato habitual no ámbito familiar, son os que tiveron un maior incremento dentro do sistema penal de xustiza xuvenil español na última década.

Para abordar esta problemática precísase do estudo e caracterización tanto dos/as menores agresores/as como das familias nas que se desenvolve o maltrato, así como coñecer as características propias desta forma de violencia e os actuais modelos explicativos da mesma.

O desenvolvemento de Programas de Intervención Estruturados, que atendan tanto aos menores como ás súas familias nun contexto xurídico, é unha necesidade dos/as profesionais que traballan con este tipo de problemática xa que se trata dunha poboación crecente e é preciso dar resposta ás diferentes partes implicadas como son: a familia, os/as menores así como as propias institucións receptoras dos casos.

Esta formación ten por obxectivo principal afondar na realidade da VFP e coñecer algúns dos modelos de intervención máis interesantes que se están a desenvolver en todo o Estado.

METODOLOXÍA:

Exposición oral. Activa e participativa con realización de obradoiro e dinámica grupal baseada no estudo e exposición de casos.